




BASES SORTEO "CAMPAÑA DE DINAMIZACIÓN COMERCIAL-NADAL 2025"

1, A "CAMPAÑA DE DINAMIZACION COMERCIAL- NADAL 2025" é unha campaña promocional e publicitaria promovida e organizada pola **Asociación de Empresarios e Comerciantes Xeoparque Montañas do Courel**, na que participarán tódolos establecementos integrados en dita Asociación que o desexen, e que se celebrará **entre os días 1 de Decembro de 2025 e 31 de Decembro de 2025.**

2, O obxectivo principal desta campaña é **incrementar as compras e incentivar o consumo nos establecementos da Asociación**, premiando a fidelidade dos clientes dos mesmos, e tratando de atraer ao consumidor ás rúas da zona.

3 , A dinámica da campaña é a seguinte: Todos aqueles **consumidores que realicen unha compra nos establecementos** participantes na campaña **entre as datas de 1 de decembro de 2025 e 31 de decembro de 2025, poderán participar no sorteo de 4 compras express valoradas en 300 € cada unha.**


Dito sorteo celebrárase como final de campaña o día 2 de xaneiro de 2025, ás 21:00 horas, na cafetería a Botica.

Os clientes/consumidores que realicen compras/consumos entre o **1 de decembro de 2025 e 31 de decembro de 2025** por valor superior a 10 euros, obterán un boleto que deberán cubrir cos seus datos básicos e deberán depositar nas urnas situadas a tal efecto nos establecementos participantes na campaña.


4. Cada ticket superior a 10 euros dará dereito a unha participación no sorteo. Cantos máis boletos se depositen nas urnas, máis opcións de optar a gañar algúns dos premios que se sortearán, tal e como se detalla nestas bases. **Os titulares dos tickets deberán facilitar o seu nome completo e número de teléfono para poder identificalos axeitadamente no momento sorteo no caso de resultar premiados.**

- 5, Quedan excluidos de participar nesta campaña os titulares e empregados dos establecementos participantes na campaña con boletos selados no seu propio establecemento.

O sorteo terá lugar o día 2 de xaneiro de 2025, ás 21:00 horas, na cafetería a Botica , entre tódolos participantes que depositaran previamente o seu ticket nas urnas destinadas a tal efecto.

- 6, Unha man inocente extraerá os boletos que corresponderán aos seguintes **agasallos que se sortearán:**



- Compra express valorada en 300 € (ive engadido)
- Compra express valorada en 300 € (ive engadido)
- Compra express valorada en 300 € (ive engadido)
- Compra express valorada en 300 € (ive engadido)

Adxuntanse nestas bases un certificado asinado por o Presidente da asociación, poo valor das compras express.



No caso de que algunha das participacións extraídas non cumpra os requisitos expostos nestas bases, extraerase unha nova participación e así ata atopar unha que cumpra todos os requisitos e cuxo titular resultará agasallado co premio descrito.

O importe total dos premios sorteados ascende a 1.200 € ive engadido en total.

- 7, Por outro lado a Compra Express queda prevista para realizarse o **día 9 de xaneiro de 2026.**

Dous membros da asociación acompañaran a cada un dos premiados, os cales disporan dunha hora cronometrada por reloj para realizar compras nos establecementos adheridos a campaña , por un importe total de gasto de 300 €.

Limitase un importe de 50 € de gasto en cada un dos establecementos.

No caso de que algún dos premiados non esté disponible o 9 de xaneiro, a asociación acordará con el outro día para realizar a compra.

8 A mera participación nesta promoción-sorteo supón a plena aceptación destas bases a todos os efectos dispostos nas mesmas, especialmente polo que se refire á **autorización á entidade organizadora para a utilización dos datos identificativos facilitados no acto do sorteo polos participantes, única e exclusivamente para os fins propios de difusión e publicidade desta campaña, e sempre respectando a política de protección de datos do apartado 10.** Esta autorización faise extensiva ás **imaxes dos gañadores** para os efectos de **publicidade do resultado da campaña.**

O incumprimento destas bases supón a privación de todos os dereitos que podan derivar da participación na campaña.

9 De conformidade co disposto no **Reglamento da UE 2016/679 de 27 de Abril do 2016, así como na restante normativa de protección de datos estatal, infórmase que os datos subministrados polo titular dos mesmos aos efectos de participar nesta campaña, serán destruídos de xeito inmediato ao finalizar a campaña.**

Que a lexitimación para a obtención destes datos ven dada pola necesidade de contar cos mesmos para poder participar nesta campaña/acción promocional ou publicitaria, sendo tales datos tratados con todas as garantías, e coa única finalidade de dar saída e cumprimentar os fins e obxectivos propios da campaña, A través da súa participación nesta campaña, o titular dos datos cedidos para a mesma, que coñece e acepta o contido destas bases, presta o seu consentimento e autoriza expresamente a que tales datos básicos de identificación facilitados a tal fin, así como as imaxes tomadas no seu caso dos actos da campaña, poidan ser publicitados/as en medios de comunicación, redes sociais etc..todo elo a efectos única e exclusivamente de divulgar e publicitar dita acción promocional. Asimesmo autoriza a que os datos sexan cedidos a terceiras empresas relacionadas coa entidade organizadora, aos únicos

e exclusivos efectos de dar cumprimento aos fins da campaña en canto a divulgación, publicidade e promoción da mesma.

- 10, O titular dos datos subministrados, poderá exercer en calquera momento, os seus dereitos de acceso, rectificación ou supresión, limitación do tratamento, oposición ao seu tratamento, portabilidade, esquecemento, e todos aqueles recollidos no regramento referido, por medio de comunicación escrita dirixida a **ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS E COMERCIANTES DO XEOPARQUE MONTAÑAS DO COUREL**, na cal conste expresamente e se especifique o dereito que desexa exercer.

O titular ten dereito tamén a reclamar ante a autoridade de control en materia de Protección de Datos, no caso de que considere que se vulneraron os seus dereitos nesta materia ou non obtivera satisfacción no exercicio dos mesmos.

- 11, A organización resérvase o dereito a modificar total ou parcialmente estas bases, así como o de suspender esta campaña por causa de forza maior allea á súa responsabilidade, sen incorrer por elo en responsabilidade algunha.

- 12, As presentes bases, debidamente **protocolizadas perante Notario**, serán depositadas na sede da Asociación de Empresarios e Comerciantes Xeoparque Montañas do Courel, a disposición de todo aquel que desexe consultalas.